

ECONOMÍA DA EMPRESA

2º Curso de Bacharelato

Rafael Prieto-Puga Fariña



BAÍA EDICIÓN

1.ª Edición: Abril de 2013

© 2013 Rafael Prieto-Puga Fariña

© 2013 BAÍA Edicións®
Polígono de Pocomaco, 2.ª Avda.
Parcela A2/22
15190 A Coruña
Tel.: (+34) 981 174 296
Fax: (+34) 981 915 698
comercial@baiaeditions.net

www.baiaeditions.net

Distribución:
Consortio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com
www.coegal.com



O formato deste libro permite o máximo aproveitamento dos pregos de papel, o que contribúe á protección do medio ambiente

Edita: Baía Edicións

Deseño: Baía Edicións

Impresión: Galigraf Galic a. A Coruña

Fotografía da capa: Fernando Fernández Pérez

ISBN: 978-84-9995-053-2

D. Legal: C 519-2013

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixirse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

Índice

Bloque 1. A empresa e a súa función social	13
Tema 1. A empresa	13
1. Concepto de empresa.....	14
1.1. A empresa como unidade de produción.....	14
1.2. A empresa como axente económico.....	15
1.3. A empresa como unidade financeira.....	16
1.4. A empresa como organización.....	16
1.5. Empresa e sociedade mercantil.....	17
2. Empresa e empresario.....	18
2.1. O empresario e a lexislación.....	18
2.2. Concepción clásica do empresario.....	19
2.3. Concepcións sobre o empresario de Schumpeter, Knight e Galbraith.....	20
3. Os elementos da empresa.....	23
4. Funcións e obxectivos da empresa.....	24
4.1. Funcións da empresa.....	24
4.2. Obxectivos da empresa.....	26
Ideas clave.....	29
Actividades de autoavaliación.....	31
Cuestións de selectividade.....	32
Tema 2. Clasificación das empresas	33
1. Clases de empresas.....	34
1.1. Segundo os fins que persigan.....	34
1.2. Segundo a titularidade da propiedade.....	34
1.3. Segundo o seu tamaño.....	34
1.4. Segundo a natureza da súa actividade.....	36
1.5. Segundo o tipo de propiedade.....	37
2. Forma xurídica das empresas.....	38
2.1. O empresario individual.....	40
2.2. As sociedades mercantís.....	41
2.3. Clases de sociedades mercantís.....	43
2.4. Sociedades cooperativas.....	54
Ideas clave.....	58

Anexo I. Clasificación das actividades económicas segundo as ramas de actividade	60
Anexo II. Características máis sobresaiñtes das principais sociedades	62
Actividades de autoavaliación	63
Cuestións de selectividade	65

Tema 3. A empresa e o seu contorno

1. Marco xeral de actuación da empresa	67
1.1. Contorno xeral	68
1.2. O contorno específico da empresa. O sector	68
2. A estratexia competitiva	72
2.1. As forzas competitivas	73
2.2. Análise DAFO	74
2.3. O marco lexislativo da actividade da empresa	75
3.1. Obrigas de carácter mercantil	78
3.2. Obrigas de carácter laboral	78
3.3. Obrigas de carácter fiscal	80
4. A responsabilidade social da empresa	81
Ideas clave	86
Actividades de autoavaliación	91
Cuestións de selectividade	94
	97

Bloque II. A empresa en funcionamento

Tema 4. Localización, dimensión e crecemento empresarial	99
1. Criterios de localización dunha empresa	99
2. A dimensión empresarial	100
3. As pequenas e as grandes empresas	102
3.1. Pemes, vantaxes e inconvenientes	106
3.2. Vantaxes comparativas das grandes empresas	106
4. O crecemento empresarial	108
4.1. Estratexias de crecemento	109
4.2. Estratexias de crecemento segundo Kotler	110
5. As empresas multinacionais	114
6. A globalización dos mercados	115
Ideas clave	117
Actividades de autoavaliación	120
Cuestións de selectividade	122
	124

Bloque III. As áreas de organización e RR HH da empresa

Tema 5. A organización da empresa	125
1. A necesidade de organización na empresa	125
2. Funcións básicas da dirección	126
2.1. A función de planificación	126
2.2. A organización	128
2.3. Xestión	128
2.4. A función de control	129
3. A estrutura organizativa	130
	131

3.1. A organización formal	132
3.2. Estructuras organizativas	134
3.3. A departamentización	136
3.4. Os grupos na empresa. A organización informal	138
4. A motivación	140
4.1. O pensamento empresarial	140
4.2. Teorías sobre a motivación	142
4.3. Sistemas de xestión de calidade	144
Ideas clave	146
Actividades de autoavaliación	149
Cuestións de selectividade	150

Tema 6. As relacións laborais na empresa

1. O departamento de recursos humanos	153
2. O regulamento xurídico laboral	154
3. A relación individual de traballo	155
3.1. O contrato de traballo	157
3.2. Tipos de contrato de traballo	157
3.3. Modificación do contrato de traballo	158
3.4. Suspensión e extinción do contrato de traballo	160
3.5. O salario e a nómina	161
3.6. A xornada de traballo	162
4. A representación sindical dos traballadores	164
5. Os convenios colectivos	165
6. Os conflitos laborais	166
7. Saúde laboral. A seguridade e hixiene no traballo	167
Ideas clave	168
Actividades de autoavaliación	170
Cuestións de selectividade	172
	174

Bloque IV. A función produtiva na empresa

Tema 7. A función de produción na empresa	175
1. A produción como proceso de creación de valor	175
2. Producción e tecnoloxía	176
3. O proceso de produción	177
4. Eficiencia e a produtividade	182
4.1. Eficiencia técnica e económica	185
4.2. A produtividade	186
5. A produción e o medio ambiente	186
6. Programación, avaliación e control de proxectos	190
6.1. Método PERT	193
6.2. Diagrama de Gantt	193
Ideas clave	195
Actividades de autoavaliación	197
Cuestións de selectividade	199
Exercicios prácticos	201
	202

Tema 8. Os custos da produción	205
1. Os custos de produción.....	206
1.1. Criterios de diferenciación dos custos.....	206
1.2. Os custos medioambientais.....	207
1.3. Estrutura dos custos da produción.....	208
1.4. Relación entre produción e custos.....	209
2. Análise Custo-Beneficio, O Punto morto.....	214
3. A xestión das existencias. Os inventarios ou stocks.....	218
3.1. O custo dos inventarios.....	218
3.2. O tamaño dos almacéns.....	219
3.3. Modelos de funcionamento dos inventarios.....	220
3.4. Volume óptimo de pedido. Método de Wilson (1916).....	220
4. Sistemas de valoración das existencias.....	223
4.1. Prezo medio.....	224
4.2. FIFO.....	225
4.3. LIFO.....	226
4.4. Método ABC.....	228
Ideas clave.....	231
Actividades de autoavaliación.....	233
Cuestións de selectividade.....	234
Exercicios prácticos.....	245
Bloque V. A información comercial na empresa	245
Tema 9. A función comercial	245
1. A función comercial da empresa.....	246
2. O mercado.....	247
2.1. Variables determinantes do mercado.....	248
2.2. As clases de mercado.....	251
2.3. O consumidor e o mercado.....	252
3. A mercadotecnia.....	254
3.1. As actividades da mercadotecnia.....	258
3.2. A elaboración dun plan de mercadotecnia.....	259
3.3. A mercadotecnia internacional.....	261
Ideas clave.....	263
Actividades de autoavaliación.....	265
Cuestións de selectividade.....	267
Tema 10. O marketing mix	268
1. O marketing mix.....	268
2. O produto.....	268
2.1. Atributos do produto.....	269
2.2. Utilidades do produto.....	270
2.3. Liña e gama de produtos.....	270
2.4. A marca.....	272
2.5. O envase.....	272
2.6. Etiquetas.....	273
2.7. Ciclo de vida dun produto.....	273
2.8. Novos produtos.....	275
3. A distribución.....	276
3.1. Os intermediarios comerciais.....	278
3.2. Canles de distribución.....	278
3.3. Estratexias de distribución.....	279
3.4. Os modernos sistemas de distribución.....	284
4. A comunicación.....	285
4.1. Funcións da comunicación.....	286
4.2. Instrumentos ou técnicas de comunicación.....	293
5. Prezo.....	293
5.1. Obxectivos da política de prezos.....	294
5.2. Variables das que depende o prezo dos produtos.....	296
Ideas clave.....	298
Actividades de autoavaliación.....	302
Cuestións de selectividade.....	303
Bloque VI. A información económica na empresa	303
Tema 11. A información económica na empresa	303
1. O patrimonio empresarial.....	304
1.1. Elementos patrimoniais.....	304
1.2. Masas patrimoniais.....	305
1.3. Ordenación e valoración dos elementos patrimoniais.....	309
2. Estabilidade ou inestabilidade patrimonial.....	311
3. A contabilidade.....	314
3.1. Plano Xeral de Contabilidade (PXC).....	314
3.2. Libros de contabilidade.....	315
4. As contas anuais da empresa.....	316
4.1. O Balance.....	317
4.2. Conta de Resultados.....	320
4.3. Estado de cambios no Patrimonio neto.....	323
4.4. Estado de fluxos de efectivo.....	325
4.5. A Memoria.....	326
5. Balance social.....	328
Ideas clave.....	329
Actividades de autoavaliación.....	332
Cuestións de selectividade.....	338
Exercicios prácticos.....	339
Tema 12. Análise económico-financieira da empresa	341
1. Análise económico-financieira.....	342
2. Análise de balances ou análise financeira da empresa.....	342
2.1. Fondo de rotación ou manobra.....	343
2.2. Análise mediante porcentaxes.....	345
2.3. Análise mediante ratios.....	346
3. Análise económica.....	354

3.1. A rendibilidade da empresa.....	355
3.2. Outras ratios sobre vendas e financeiras.....	355
4. Período medio de maduración.....	357
4.1. Ciclo de explotación da empresa.....	357
4.2. Período medio de maduración económico.....	358
4.3. Período medio de maduración financeiro.....	359
Ideas clave.....	363
Actividades de autoavaliación.....	365
Cuestións de selectividade.....	369
Exercicios prácticos.....	370

Bloque VIII. A estrutura económica e financeira da empresa

Tema 13. Os investimentos	379
1. Estrutura económica e financeira da empresa.....	379
2. As decisións de investimento.....	380
3. Métodos de selección de investimentos.....	380
3.1. Métodos estáticos de selección de investimentos.....	382
3.2. Métodos dinámicos de selección de investimentos.....	384
Ideas clave.....	387
Actividades de autoavaliación.....	395
Cuestións de selectividade.....	397
Exercicios prácticos.....	399
.....	400

Tema 14. O financiamento da empresa

1. A necesidade de capital da empresa.....	405
2. O fontes de financiamento.....	406
3. O financiamento interno.....	406
4. O financiamento externo.....	409
4.1. O financiamento propio.....	410
4.2. O financiamento alieo.....	410
4.3. Outras fontes de financiamento externas a longo prazo.....	411
4.4. O efecto apancamento.....	416
Ideas clave.....	420
Actividades de autoavaliación.....	423
Cuestións de selectividade.....	424
.....	425

Annexo. O proxecto empresarial

427

Bibliografía

437

Introdución

A empresa é o centro da actividade económica nunha economía de mercado. Entender e coñecer como é e como funciona permitiranos comprender un pouco mellor os problemas económicos cos que se enfronta calquera sociedade.

A materia de Economía da Empresa, tendo en conta isto, pretende dar a coñecer o que é e como funciona unha empresa no contexto político e social en que desenvolve a súa actividade. A empresa é, en definitiva, unha organización formada por persoas cuns valores, actitudes, obxectivos etc. que teñen que ver co mundo en que están inmersas. Por esta razón, calquera cambio que se produza na sociedade repercutirá tamén neste complexo organismo tanto no ámbito organizativo como produtivo.

Se consideramos que, en xeral, a educación sempre debe ser unha prioridade para os gobernantes, o estudo do funcionamento do sistema económico e da empresa debería ser materia obrigada no sistema educativo, dada a súa importancia como elemento de formación e preparación para a vida activa das alumnas e dos alumnos, dado que o crecemento económico dun país virá dado, entre outras moitas cousas, polo nivel de formación da súa poboación, e saber como funciona o sector produtivo das empresas ou como se organiza a información económica e financeira é fundamental para levar a cabo labores emprendedores; un camiño sempre aberto para poñer en marcha as inquietudes laborais é promover proxectos de iniciativa empresarial.

A Economía da Empresa analiza a empresa como axente económico fundamental na sociedade, e o seu estudo debe permitir acadar un coñecemento sinxelo pero preciso, tanto desde a súa dimensión externa como desde o funcionamento das súas áreas de actividade, xa sexa á hora de prover de bens e proporcionar os servizos que a sociedade necesita, xa sexa creando emprego e xerando ingresos para a propia sociedade e o Estado.

O obxectivo do seu estudo é tratar de alcanzar un coñecemento sobre o que é e como actúa unha empresa no seu contexto, analizando as súas características e funcionamento global. Deberá ser un traballo á altura do alumnado que o cursa, fuxindo de grandes consideracións que estarian fóra do seu alcance, pero sen por isto deixar de aspirar a que o alumnado,

ao final do período, saiba identificar, diferenciar e, en concreto, falar de aspectos da empresa como os referidos á organización, produción, fiscalidade, lexislación etc. con certa propiedade. A simplificación que nun texto destas características é necesaria realizar para facer o estudo máis accesible ao alumnado, non pretende, no entanto, ir contra a necesidade de sermos esixentes e rigorosos nas exposicións dos temas correspondentes.

O Boletín Oficial do Estado do 6 de novembro de 2007 establece os contidos mínimos do bacharelato e, en concreto, os referidos á Economía da Empresa. O seu currículo específico para Galicia está recollido no Diario Oficial de Galicia do 23 de xuño de 2008, e en función del planifícase o desenvolvemento da materia.

A pretensión deste texto é servir como material de apoio ao alumnado que se inicia no estudo do mundo da empresa. A existencia dunha proba final ao ciclo de estudos fai que se teña en conta os criterios de avaliación que se utilizan para superala. O texto para tal fin presenta as cuestións e exercicios de selectividade propostos nas anteriores convocatorias, organizados e introducidos nos temas correspondentes.

A estrutura do texto baséase nunha organización que toma bloques temáticos como elemento de compartimentación nos que teñen cabida aqueles temas que son homoxéneos, e dentro deles cada unidade didáctica será o núcleo. Cada tema presenta no seu inicio un esquema conceptual que nos permitirá ter unha idea global dos aspectos e límites a tratar, e remata cunhas denominadas ideas clave que procuran dar unha idea moi sintética do estudado. Como complemento an cada unidade propónse un variado número de actividades de tipo comprensivo, deductivo ou de aplicación práctica que a modo de autoavaliación servirá para centrar e repasar o tratado, así mesmo nesta nova edición preséntanse as cuestións e exercicios dos exames de selectividade desde 2001.


Despois de catro edicións desta proposta didáctica e pedagóxica da materia, xa sexa coa denominación Economía e Organización de Empresa como coa actual de Economía de Empresa, o manual non sufriu grandes cambios con respecto da idea orixinal, agás as esixidas polas adaptacións curriculares e as modificacións legais introducidas nos últimos anos no ámbito empresarial, laboral e social, no entanto houbo as suficientes suxestións e críticas que sobre determinados aspectos basé da proposta como autor recibín e que, con espírito positivo, puxen en aplicación nesta ocasión para entregar un texto que una a experiencia desde distintas perspectivas co obxectivo de facilitarmos unha maior comprensión da materia por parte do alumnado deste nivel educativo. A todas e todos agradézolles sinceramente esta colaboración para mellorar o manual e para reflexionar como docente sobre aspectos temáticos tratados cunha visión moi particular.

Rafael Prieto-Puga Fariña.

A Coruña, Outono 2012

Tema 1

A empresa



1 Concepto de empresa

A empresa é o suxeito da actividade económica nunha economía de mercado. Unha simple ollada mostranos que é un organismo complexo, que abarca aspectos tan diferentes como os relacionados coa dirección, recursos humanos, financiamento, produción e coa comercialización. A empresa é unha realidade socioeconómica que nunha economía de mercado cumpre coa función de xerar riqueza e coordinar a actividade económica. A economía da empresa trata, pois, de estudar tanto o seu papel no contexto social no que desenvolve a súa actividade como o seu funcionamento nos aspectos de unidade produtiva, financeira, comercial e organizativa.

Como unha primeira aproximación ao concepto, e seguindo a Eduardo Bueno, diremos que a empresa é un axente que organiza con eficiencia os factores económicos para producir bens e servizos para o mercado, co ánimo de alcanzar determinados obxectivos. É dicir, a empresa ten o seu sentido na medida en que produce dun modo organizado bens para outras empresas e para os consumidores, intentando con iso obter uns beneficios.

Do anterior podemos deducir que:

- A empresa é
 - Unha unidade de produción
 - Un axente económico
 - Unha unidade financeira
- Unha entidade creadora de valor
- Un sistema organizado

1.1. A empresa como unidade de produción

A empresa como unidade produtiva abastece a sociedade de todo aquilo que esta necesita. Para conseguir produci-lo emprega uns factores de produción (materias primas, traballo e capital), que, tras un determinado proceso (xeralmente técnico) e un risco (para quen chega os fondos da operación), se transforman no obxecto produtivo. Este proceso será coordinado e dirixido por un empresario ou empresaria que pretenderá coa súa actuación alcanzar determinados obxectivos ou fins.

- **Funcións**
 - Producir bens e servizos. A empresa produce bens ou servizos para ser utilizados por outras empresas e consumidores.
- **Propiedade**
 - Pública ou privada. A propiedade da empresa é maioritariamente privada

Á hora de producir, as empresas deben decidir entre a produción de bens ou a prestación de servizos. Os bens son elementos tanxibles, que poden ser almacenados, transportados, trasladados etc., ao contrario que os servizos, que son intanxibles e non é posible almacenar nin transportar. Outra diferenza sería que o consumo de bens pode ser dilatado no tempo, mentres que os servizos deben ser consumidos no momento.

Segundo este aspecto, podemos definir a empresa como un conxunto de factores de produción coordinados por un empresario ou empresaria para alcanzar certos obxectivos.



A propiedade recibe rendas ou ingresos
Os usuarios ou consumidores realizan pagos polo uso ou consumo

1.2. A empresa como axente económico

A empresa é un axente económico, xa que forma parte da rede económica da sociedade, e ten un papel esencial dentro dela. Como tal axente a empresa organiza con eficacia os factores de produción, co obxectivo de proporcionar a consumidores e empresas os bens e servizos que necesitan, e que son obxecto da súa actividade. Ronald H. Coase, Premio Nobel de Economía en 1991, xustifica a existencia da empresa na medida en que o mercado por si mesmo, coas súas imperfeccións, falla de información das partes e ás incertezas sobre as transaccións, é incapaz de autorregularse eficientemente, dando lugar a unha serie de custos que a propia existencia da empresa trata de evitar. Coase contrapón a organización espontánea do mercado coa organización consciente levada a cabo polo empresario, que decide como se asignan os recursos, e, polo tanto, aforranse custos. Neste contexto, a función do empresario é facer de mediador entre o resto das empresas, economías domésticas e sector público que actúan no mercado.



Ronald H. Coase.

A empresa proporciona diferentes tipos de rendas no desenvolvemento da súa actividade, como son as rendas aos propietarios dos elementos empregados no proceso produtivo, é dicir, aos donos das materias primas, elementos semielaborados ou tecnoloxía. Tamén proporciona rendas aos traballadores e ás traballadoras que participan co seu esforzo e coñecementos no proceso de transformación dos produtos e, por último, proporciona rendas aos donos do capital investido e que son os que posibilitaron a súa existencia.


- **Axente económico**
 - Produce bens e servizos.
 - Coordina elementos materiais, humanos, organizativos, tecnolóxicos...
 - Ao desenvolver a súa actividade xera rendas.
 - Regula o funcionamento do mercado aforrando certos custos.

1.3. A empresa como unidade financeira

Para poder funcionar, a empresa necesita dispoñer de certos recursos (en xeral diñeiro) cos que financiar a adquisición dos elementos do capital produtivo, pagar as materias primas compradas e os salarios ao persoal empregado e facer fronte aos demais gastos necesarios. Unha parte destes recursos proveñen do empresario, outros obtíñense nos mercados financeiros por medio de préstamos e outra parte, a máis importante, orixinárase na propia actividade ao vender os produtos elaborados. Todos estes fondos anticipados sobre o resultado da actividade, que é incerto, son dalgún xeito a xustificación do beneficio para quen os achegaron.



A dimensión financeira da empresa proporcionanos a visión desta como **creadora de valor**, xa que no proceso de transformación dos inputs en produtos finais, a empresa xera un valor que se manifesta na diferenza entre o valor dos produtos terminados e o dos factores empregados na súa obtención. Este **valor engadido** ao dos factores empregados será o que se reparta baixo a forma de beneficios ou rendas entre os propietarios dos factores que participaron no proceso, así como entre quen achegou o capital. Ao conxunto de pasos ou fases que se producen nesta xeración de valor denomináremolo **cadea de valor**.




1.4. A empresa como organización

A empresa é unha entidade complexa que está organizada baixo unha dirección centralizada. O empresario ou empresaria é quen coordina todos os elementos que integran este **organismo** e quen **establece os obxectivos e adopta as decisións operativas necesarias para conseguilos**. A empresa en canto que **organización comprende elementos técnicos, humanos, de dirección, culturais e políticos**. Todos estes elementos estarán agrupados seguindo criterios de eficiencia e operatividade, dirixidos por un director ou empresario, e serán diferentes segundo a actividade da empresa.

Nesta organización **empresarial agrúpanse diferentes tipos de persoas**, que con **distinta cualificación e formación desempeñan funcións concretas**. Os intereses e obxectivos de cadaquén son distintos, pero manteñen unhas relacións de interdependencia entre todos eles que están en función da consecución dun obxectivo común.

A dirección da empresa

- Coordina a actuación das persoas.
- Establece plans e obxectivos.
- Organiza funcións/actividades segundo criterios de eficiencia e operatividade.
- Trata de compatibilizar os diferentes intereses que se dan no seu seo.



A organización empresarial agrupa diferentes tipos de persoas, con distintas cualificacións.

A empresa como sistema

A empresa é unha organización na que, baixo unha estrutura de relacións dirixida e coordinada por un empresario ou empresaria, pretende alcanzar uns obxectivos. Os elementos que forman ese conxunto organizado que denominamos empresa son interdependentes entre si, pero manteñen unhas relacións de interacción entre eles que permite consideralos como un todo único, no que o resultado da súa actuación é un logro de maiores dimensións que o que se obtería sumando simplemente os seus esforzos. En función disto dise que a empresa é un **sistema**, no que todos os elementos que o integran están interaccionados entre si e camían na mesma dirección. Este non é un sistema pechado, senón que está aberto á realidade social, empresarial e política do seu contorno; desta realidade recibe influencias por medio da incorporación de novas informacións que replanifican a súa actuación e que dan á súa vez lugar a cambios na propia sociedade. Este proceso de estar constantemente dando e recibindo continua información implica a necesidade, por parte da empresa, da integración dunha función de control ou **feedback** que permita a continua readaptación a cada novo contexto.

1.5. Empresa e sociedade mercantil

Na literatura empresarial e mesmo nos diferentes medios de comunicación, determinados conceptos algunhas veces son utilizados dun xeito indistinto, cando non sempre está claro a similitude no seu significado. Así ocorre con termos como empresa, negocio, industria, explotación, sociedade mercantil, establecemento comercial etc. Eduardo Bueno establece as seguintes aclaracións sobre tan variados conceptos:

- **Negocio** ■ Do latín *negotium* 'negación de ocio', polo tanto identifícase con facer algo. Desenvolver algunha actividade.
- **Industria** ■ Hoxe, actividade que ten por finalidade a elaboración de cousas.
- **Sociedade mercantil** ■ Unidade xurídica que regula o conxunto de relacións que produce o patrimonio do que é titular unha ou máis persoas.
- **Explotación** ■ Unidade técnica ou conxunto de procesos tecnolóxicos polos que un conxunto de factores pode ser transformado nun conxunto de produtos ou resultados.
- **Establecemento comercial** ■ Unidade física ou lugar onde se localiza e desenvolve a actividade económica dun negocio, dunha industria ou dunha explotación.
- **Empresa** ■ Axente económico que organiza con eficiencia os factores económicos para producir bens e servizos para o mercado co ánimo de alcanzar certos obxectivos.

2 > Empresa e empresario

2.1.0 empresario e a lexislación

Segundo o Dereito Mercantil son empresarios ou empresarias as persoas que, actuando en nome propio, desenvolven unha actividade constitutiva de empresa, coa responsabilidade das obrigas e dereitos que dela se derivan.

O Código de Comercio define o empresario como a persoa física que, contando coa capacidade legal necesaria, exerce de forma habitual e por propia conta unha actividade empresarial.

O Estatuto dos Traballadores, no seu artigo primeiro caracteriza o empresario como aquela persoa física ou xurídica que contrata servizos por conta aliea no seu ámbito de actuación.

A outro nivel, a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE, 1997), considera un empresario como «aquela persoa que se serve dunha empresa para realizar en nome propio unha determinada actividade».

En xeral, podemos dicir que o empresario é aquela persoa que leva adiante unha idea, para acadar uns certos obxectivos, asumindo os riscos propios da actividade, exercendo a autonomía e responsabilizándose da xestión e organización.

2.2. Concepción clásica do empresario

As primeiras concepcións teóricas sobre a actividade empresarial viñan dadas pola idea que se tiña do empresario; idea que ao longo do tempo ten experimentado diversos cambios, sendo a primeira a de ser «alguén que emprende algunha actividade».

O gran desenvolvemento da empresa tivo lugar no século XVIII co capitalismo industrial derivado da Revolución Industrial. As empresas daquela eran unidades produtivas que actuaban en áreas como a téxtil, ferrocarrís, siderurxia, minería etc. e que estaban dirixidas por unha ou varias persoas, que eran, ao mesmo tempo, quen achegaban o capital, dirixían e percibían os beneficios. Nestes primeiros tempos, a figura do empresario estaba unida á do capitalista, que era o propietario dos medios de produción.

Desde comezos do século XVIII as diferentes escolas de pensamento económico fan importantes achegas á teoría da empresa, pero sen atondar na idea concreta de empresario. Para Adam Smith o empresario era o propietario dos bens de produción e era a mesma persoa que o capitalista. De igual xeito viamo David Ricardo, John Stuart Mill e o resto dos seus contemporáneos, que consideraban a empresa como un axente económico cuxa función era a de organizar e combinar os factores de produtivos para satisfacer as necesidades do sector de consumo. Tamén para outro clásico, aínda que de distinto signo, Karl Marx, a diferenza entre empresario e capitalista era de pouca



Adam S mith (1723-1790).



David Ricardo (1772-1823).



Karl Marx (1816-1883).

importancia. En concreto dáballe máis importancia ao aspecto de capitalista (proprietario da plusvalía xerada) que ao de director do proceso.

■ Evolución da propiedade nas empresas ■

- Nunha primeira etapa as empresas industriais eran de tipo familiar. O propietario era o fundador, posuía a totalidade das accións e un poder absoluto sobre as decisións.
- Nunha segunda etapa, por unha banda, o capital familiar divídesse, e, por outra, non é suficiente para atender as necesidades de crecemento da propia empresa. Son necesarios novos socios, aínda que o núcleo principal pretende conservar o poder dentro da empresa.
- Unha terceira etapa na que se xeneraliza a dispersión do capital pola súa compraventa en bolsa, ningún posúe unha gran maioría. O poder pertence aos administradores, que están influídos por quen controla directa ou indirectamente os votos que os alicen.

Fonte E. Bueno, 1994.



Non foi ata o capitalismo financeiro no século XIX cando as empresas alcanzaron unha determinada dimensión, que comezou a diferenciarse entre a función do empresario (dirixe, planifica, coordina) e a do capitalista (achega capital).

A concepción neoclásica da empresa, recollida na coñecida como **Teoría da firma**, segue a mesma dirección que os autcores anteriores, aínda que a empresa comezaba xa, debido á súa complexidade, a diferenciar entre a función directiva e a capitalista que proporcionaba o capital. No modelo neoclásicoponse particularmente énfase na importancia do capital financeiro, dos medios de produción e da tecnoloxía. A empresa era unha unidade produtiva que actuaba nun mercado de competencia perfecta e o seu obxectivo era alcanzar un equilibrio onde se obtería o máximo beneficio.

2.3. Concepcións sobre o empresario de Schumpeter, Knight e Galbraith

Joseph A. Schumpeter Teoría do desenvolvemento económico (Berlín, 1912)

Schumpeter consideraba o empresario como o gran protagonista do desenvolvemento económico, ao ser capaz, ante determinadas situacións, de pór en marcha innovacións que permitían un maior progreso técnico e un maior crecemento económico. Estas innovacións outorgarían á empresa un poder sobre o mercado que lle reportaría uns beneficios extra. O empresario é aquel axente innovador que conseguía levar á súa empresa a unha situación de vantaxe con respecto á competencia, ao poñer en práctica unha innovación ou novas combinacións dos factores de produción, que lle permitían alcanzar unha situación máis competitiva fronte aos demais.



Joseph A. Schumpeter (1833-1950)

- **Innovacións**
 - Un novo produto
 - Un novo sistema de produción
 - Un novo mercado
 - Novas materias primas ou produtos semielaborados
 - Nova organización


Isto xeraría unha situación de monopolio, ao ser o único que utilizaba o invento que lle permitía obter uns beneficios extraordinarios. Á vista desta situación desatariábase un proceso de imitación polo resto das empresas da competencia, que levaría co tempo a unha nova situación de equilibrio, similar á de partida pero a distinto nivel, até que outro empresario comezara de novo o proceso.

- **Invenção** ▶ Descubrimento dun novo proceso, produto etc. que representa unha diferenza substancial sobre o xa existente.
- **Innovación** ▶ Aplicación do invento ao proceso produtivo ou comercial.
- **Imitación** ▶ A competencia adapta os seus produtos ou procesos á nova tecnoloxía ou descubrimento.



■ innovar ■

Para Schumpeter o empresario é o protagonista do capitalismo, xa que a innovación é o factor de crecemento da economía capitalista. O beneficio é a recompensa que recibe pola innovación.



Frank H. Knight Risco, incerteza e beneficio (Boston, 1921)

Knight distingue, entre as funcións do empresario, os conceptos de risco e incerteza. Un risco, que pode ser cuantificado, e unha incerteza, que é entendida como a ausencia de información e considerada como a característica principal da competencia económica e a fonte de beneficio das empresas.

Este autor cualifica o empresario como aquela persoa que asume o risco de contratar factores produtivos para levar adiante unha empresa coa expectativa de obter un beneficio. O feito de adiantar o pago dunhas rendas aos provedores de factores de produción (materiais, traballo, capital), nunha situación de incerteza con

respecto ao prezo a que se venderán os produtos obtidos, é o que lle fai actuar cun risco, pois non sabe o que vai pasar. A expectativa de beneficio é consecuencia dun futuro non coñecido, mais o risco é o que xustifica o propio beneficio, xa que as cousas poden saír ben ou mal.

Knight define dous tipos de actividades diferentes:

- A do empresario, que asume o risco e elixe a quen dirixe as operacións.
- A do director, que dá as ordes e desempeña a función organizadora.

- O empresario anticipa fondos para adquirir os factores de produción nunha situación incerta.
- O beneficio é a recompensa polo risco.
- A incerteza é o contexto no que se move a empresa.



A esencia da actividade empresarial é para Knight a incerteza acerca das consecuencias futuras que se derivan da mesma.

John Kenneth Galbraith **Capitalismo americano** (Boston, 1952)

Galbraith analiza a situación das empresas e o mercado, chegando á conclusión de que este está controlado por grandes corporacións que actúan baixo situacións de monopolio ou oligopolio. Estas grandes sociedades teñen perfectamente diferenciado o elemento **capitalista**, que é quen fai as contribucións de capital, do **empresario-director**, que é quen toma as decisións sobre as estratexias a seguir.

Existe unha ruptura ou diferenciación entre a **propiedade e a administración**. O empresario profesional é distinto do **capitalista, representado polos socios** que teñen como obxectivo a **rendibilidade** do seu investimento.

Estas grandes corporacións industriais precisan dunha grande información técnica especializada que, para Galbraith, só está dispoñible para un grupo ou comité que denomina **tecnocratura**. Os propietarios do capital (accionistas) non toman as decisións (técnicas, financeiras etc.) sobre o funcionamento da empresa en mercados moi amplos, diversos e complexos. Nestas empresas as decisións son tomadas polo equipo directivo ou elementos técnicos que dirixen a empresa desde as súas respectivas áreas de actuación. Son os executivos e executivas, que senten a empresa como súa polo propio prestixio e beneficio.




John Kenneth Galbraith (1908-2006)

A empresa

O empresario-administrador dirixe e basea a súa actuación no seu prestixio, procurando o crecemento da empresa e mantendo a confianza dos propietarios do capital, aos que procurará remunerar cunha renda adecuada á súa achega de capital.

A empresa escapa así das mans dos seus auténticos propietarios, e o empresario pasa a ser esta tecnocratura que forman os executivos altamente especializados, quedando para os capitalistas o simple poder de ratificar as propostas dos executivos e recoller os dividendos cando os haxa.



Nas grandes empresas as directivas e os directivos son quen toman as decisións empresariais.



A tecnocratura estará formada por diferentes niveis de técnicos (economistas, enxeñeiros, xefes de vendas, contables, avogados...)
de elevado rango que toman decisións dentro da empresa.

3 Os elementos da empresa


A organización que entendemos por empresa está integrada por un conxunto de elementos que forman unha estrutura. Todos estes elementos están interaccionados e actúan coordinadamente, facendo posible o funcionamento da empresa. Esta característica de ter os seus elementos relacionados dinamicamente entre si e co exterior é o que fai que digamos que **a empresa é un sistema**.

■ Elementos que constitúen a empresa ■



O sistema empresa e cada unha das partes das que está composto están en contacto co exterior co que interacciona influíndo sobre el e recibindo, á súa vez, influencias súas, polo que se considera que o **sistema é aberto**; isto quiere decir que o estudo da empresa non pode ser illado da análise do medio social, económico e político no que esta se atopa.

Os elementos ou cada unha das partes que forman o sistema denominado empresa pódense agrupar en materiais, humanos, organizativos, financeiros, técnicos etc.



A empresa é unha organización complexa organizada con criterios de xerarquia, que combina recursos humanos, tecnolóxicos, financeiros e organizativos.

4 Funcións e obxectivos da empresa

Por función entenderemos o papel que a empresa desempeña na sociedade, e os obxectivos son o que a empresa aspira alcanzar coa súa actividade e están programados pola empresa ou polo empresario.

4.1. Funcións da empresa

Nunha sociedade como na que vivimos, a empresa cumpre coas seguintes funcións:

- **Proporciona os bens e servizos** que a comunidade precisa. Como ben se dixo, a empresa é a encargada de proporcionar todo aquilo que os consumidores, usuarios e outras empresas precisan.


- **Proporciona rendas aos propietarios** dos factores de produción empregados. Se aos ingresos xerados polas vendas lles descontamos os custos de producir, obteremos un valor engadido que se reparte entre os participantes no proceso, baixo a forma de pagos, salarios e beneficios. A empresa crea valor no seu funcionamento ao poñer no mercado uns produtos ou servizos cun valor maior ao dos factores empregados. Esta anticipación de rendas antes de saber o resultado da actividade dá orixe á existencia dun risco que é asumido polo empresario no nome da empresa.

- **Organiza o mercado.** Levando adiante as transaccións necesarias para que este funcionamento con eficiencia, e proporcionando información ao resto dos axentes que participan no mercado. Controla a oferta e demanda de produtos e factores por medio da produción e dos prezos.

- **Proporciona riqueza á sociedade.** A actividade empresarial proporciona os bens e servizos que a sociedade precisa e que contribúen a que a economía creza; simultaneamente distribúe riqueza entre as persoas que participan da actividade, e cara fóra indirectamente entre todos aqueles que se relacionan con ela, chegando até os organismos que dirixen a comunidade por medio dos impostos, que servirán para proporcionar ou mellorar os servizos e o benestar da localidade na que se instala e da sociedade en xeral.


■ Funcións da empresa

- Proporciona bens e servizos.
- Crea valor que distribúe baixo a forma de rendas.
- Organiza o mercado.
- Proporciona riqueza á comunidade.



Para levar adiante estas funcións, a empresa precisa dispor de elementos financeiros que lle permitan adquirir as primeiras materias das que se vale, contratar os traballadores e as traballadoras que necesite, adquirir a tecnoloxía precisa e utilizar un cúmulo de subministracións imprescindibles para poder funcionar.

O resultado debe ser tal que os ingresos obtidos polas súas actuacións compensen os gastos de obtención e mantemento dos elementos que utiliza. A empresa existirá na medida en que os seus ingresos sexan maiores que os seus gastos.



A empresa compostaá Uro, produce vehículos especiais para abastecer as distintas necesidades.

4.2. Obxectivos da empresa

Se definimos a empresa como «axente económico que organiza con eficiencia os factores económicos co ánimo de alcanzar certos obxectivos», o primeiro labor con que nos encontramos será identificar cales son estes obxectivos.

Unha primeira aproximación identifica como os obxectivos que a empresa persegue as funcións presentadas anteriormente: abastecer o mercado do que necesita, xerar rendas, aforrar custos, crear riqueza e emprego etc. Cumpriría dicir tamén que os beneficios non teñen que ser exclusivamente monetarios, senón que poden ser de calquera outra índole como conseguir un determinado posicionamento no mercado, acadar certo prestixio ou poder etc.

Pero a un nivel máis concreto habería que ter en conta unha serie de cuestións:

En primeiro lugar, é comunmente aceptado que o principal e máis xeneralizado obxectivo da empresa é proporcionar aos seus propietarios certos beneficios.

Nun segundo lugar, os obxectivos que persegue as empresas van depender do tipo de empresa e do seu tamaño. Unha empresa pública terá como obxectivo proporcionar aos cidadáns e ás cidadás os produtos ou servizos que son considerados importantes pola sociedade, e unha empresa privada satisfacer as ansias de ganancia dos seus propietarios. As empresas pequenas e medianas buscarán a supervivencia a longo prazo como a aspiración máis natural, xa que normalmente son o sustento dos seus propietarios, e a grande empresa pretenderá consolidar o seu poder, ampliar a



As empresas procuran satisfacer as necesidades dos consumidores cos seus produtos ou servizos.

súa presenza no mercado ou maximizar o valor das súas accións en bolsa. En xeral, cabería dicir que cada empresa debe elixir os seus propios obxectivos segundo a súa "filosofía", e tendo en conta a súa estrutura organizativa e económica.

O curto e longo prazo

O prazo de tempo no que se pretenden alcanzar os obxectivos é outra forma de analizar e clasificar estes dun xeito máis concreto, xa que sempre haberá que ter en conta a distinción entre obxectivos a curto e a longo prazo. A curto prazo os empresarios e os capitalistas pretenden recuperar os cartos investidos e conseguir unha certa marxe que xustifique o risco soportado. Os propietarios das empresas pretenden coa súa actividade obter as ganancias que consideren xustas, segundo o nivel establecido no mercado. Conseguir beneficios monetarios a curto prazo é un obxectivo das empresas.

A longo prazo en xeral, e como obxectivo que englobaría todos os demais, poderíamos dicir que a empresa aspira á supervivencia. As dúas principais concrecións desta supervivencia serían as de crecer ampliando a súa dimensión e asentarse ou permanecer, controlando a maior parte posible do mercado. Crecer significa ampliar a súa influencia no mercado e traballar con custos proporcionalmente máis baixos derivados das melloras na eficiencia e nas transaccións, e así aumentar considerablemente o volume de negocio. Permanecer significa que a empresa tende a alongar a súa vida o máis posible.

■ Obxectivos da empresa


- Beneficio suficiente
- Estabilidade
- Crecemento: ampliar cota de mercado
- Supervivencia
- Maximización do valor de mercado das súas accións
- Recoñecemento social
- Mellora da comunidade

Conseguir un máximo beneficio canto antes ou contar con beneficio suficiente ao longo do maior tempo posible é unha das decisións que deben tomar as empresas.

Outra forma de presentar os obxectivos da empresa é a utilizada por Eduardo Bueno (1983), que sintetiza os obxectivos múltiples da empresa do seguinte xeito:

- Obxectivos baseados na maximización do beneficio.
- Son os máis clásicos de todos, aínda que hoxe, cando se fala de maximizar o beneficio, se entende o máximo rendemento (rendibilidade) ou relación entre beneficio e capital investido.

- Obxectivos de crecemento e de poder de mercado.
Crecer en todas as direccións posibles, tanto na produción e vendas como en sentido vertical (con respecto ao seu sector económico) e horizontal (novos sectores) en termos de novos produtos, novas explotacións e novos mercados. Para isto absorberá ou participará no control doutras empresas.
- Obxectivos de estabilidade e adaptabilidade ao medio.
A empresa debe perseguir unha estabilidade e adaptabilidade con respecto ao medio ou contorno, procurándose defensas ante variacións ou crises conxunturais, en aspectos como tamaño, tecnoloxía, equilibrio financeiro ou actividade.
- Obxectivos de natureza social e de servizo á colectividade.
Son todos aqueles que teñen que ver coa colectividade na que se insire e que se concretan na creación de emprego, industrialización, xeración de rendas e riqueza, respecto polo medio ambiente etc.



Distintos conceptos de empresa

A empresa é un organismo que persegue, producindo bens e servizos, satisfacer as necesidades da comunidade, proporcionando ao mesmo tempo uns beneficios a quen participa no proceso.

- A empresa produce os bens e servizos que outras empresas e os consumidores ou usuarios precisan.
- A empresa, no seu funcionamento, xera rendas para os propietarios dos factores de produción.
- A cadea de valor que se forma na empresa orixínase polo valor engadido en cada fase do proceso produtivo. Este valor engadido é o que se repartirá en forma de rendas entre todos aqueles que participan da súa actividade.
- A empresa precisa financiamento para a súa actividade.
- A empresa organiza os seus elementos baixo a dirección dun empresario ou dunha empresaría.

Diferenciamos entre:

- Empresa, negocio e industria.
- Empresa como sociedade mercantil.
- Empresa como unidade de explotación.
- Empresa e establecemento comercial.

Empresario/a

O **Código de comercio** define o empresario como a persoa física que, contando coa capacidade legal necesaria, exerce de forma habitual e por conta propia unha actividade empresarial.

Os economistas clásicos non diferenciaban entre o papel do empresario e do capitalista.

Na actualidade a figura do empresario representa as máis das veces a cabeza da empresa, e o capitalista é quen achega os fondos e recolle os beneficios.

- Schumpeter asimilou empresario a quen levaba adiante innovacións que supoñían avances e progreso.
- Knight resaltaba a importancia do risco que supoñía adiantar fondos fronte á esperanza dun beneficio incerto.
- Galbraith, ao estudar as grandes empresas, separa as funcións dos directivos e do capitalista.